

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA A ACTUALIZACIÓN DAS FICHAS DE AFECCIÓN E LIMITACIÓNS DE DOMINIO, SEGUNDO A LEXISLACIÓN SECTORIAL ESTATAL E AUTONÓMICA DE GALICIA**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. Jacobo Hortas García, Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en diante, APLU), nomeado segundo o Decreto 163/2020, de 24 de setembro, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 18 g) do Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos da APLU.

E doutra, D<sup>a</sup>. Elena Ampudia Aixendri, na súa condición de Decana-Presidenta do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en diante, COAG), actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 11 dos Estatutos Xerais dos colexios de arquitectos e do seu Consello superior, aprobados polo Real Decreto 129/2018, de 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior (BOE 89, de 12 de abril de 2018) e o artigo 38 a) do Decreto 105/2016 polo que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (DOG nº 153 do 12 de agosto).

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e suficiente para a subscripción deste convenio e, a tal efecto,

### **EXPOÑEN**

I.- Que é de interese común das partes proseguir na realización coordinada de traballos que permitan un maior coñecemento, interese e importancia do respecto e coidado sobre o territorio.

Ten elo o ánimo de acadar unha mellor e maior implicación dos axentes implicados no eido da disciplina urbanística na calidade da construción dos espazos e territorio que habitamos, incidindo na optimización da nosa ordenación urbanística vixente, reforzando a súa seguridade técnica e xurídica e desenvolvendo así o concepto e lema do “urbanismo responsable”.

II.-A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, á que está adscrita a APLU, exerce as competencias de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio, urbanismo e de disciplina urbanística reguladas no artigo 4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O COAG, pola súa parte, desenvolve de xeito estable e continuado, actividades de divulgación e formación dirixidas á cidadanía en xeral, e de xeito específico aos profesionais competentes no exercicio da arquitectura e a ordenación do territorio, así como servizos de asesoría e colaboración estable con organismos e institucións coas que comparten obxectivos e intereses disciplinares, perseguindo os seguintes fins:

- Identificar e analizar, a lexislación urbanística e técnica sectorial vixente.

- Obter e seleccionar información utilizando as fontes dispoñibles apropiadas, tratala de forma autónoma e crítica, cunha finalidade previamente establecida, e transmitila de maneira organizada e intelixible.

Con todo elo, o COAG persigue contribuír a que os seus profesionais adscritos, e por ende a cidadanía en xeral, perciba a arquitectura, o territorio e a paisaxe como piares básicos da nosa cultura.

III.- Neste senso, o COAG realiza un traballo que afecta a todos os axentes no eido do urbanismo, tanto do planeamento, a súa execución, as licenzas e a disciplina urbanística, consistente na **realización dunhas fichas das afeccións e limitacións de dominio da lexislación estatal e galega**, de gran importancia no urbanismo dada a implicación que a lexislación sectorial ten na materia así como a súa continúa modificación e complexidade.

Son moitas as afeccións que inciden no urbanismo: estradas, ferrocarrís, costas, etc., polo que dispoñer dunha guía actualizada e un elemento de seguridade xurídica para a totalidade dos axentes implicados no eido do urbanismo que redunda nun maior coñecemento e evitando conductas irregulares que poidan motivar a apertura de expedientes disciplinarios, competencia dos concellos e da propia APLU.

A última versión destas fichas e do ano 2007, habendo sido actualizadas posteriormente no ano 2011, ambos traballos realizados polo COAG, considerando nestes intres ambas partes a súa necesidade de actualización e inclusión de novos contidos segundo a lexislación sectorial e sendo polo tanto idónea a colaboración entre ambas partes.

IV.- De conformidade co disposto no artigo 3.i) dos seus estatutos, a APLU exerce, entre as súas funcións, a de asesoramento e asistencia ás administracións públicas integradas na mesma, nas materias da súa competencia, especialmente a todos os concellos adheridos. Neste momento son noventa e un os concellos que están adheridos á APLU, previa subscripción do convenio preceptivo.

Neste senso, no vixente Plan de inspección urbanística da APLU para os anos 2022-2023 (DOG, 3 de marzo de 2022), figura como unha das actuacións prioritarias a de colaborar na divulgación e mellora do coñecemento sobre a ordenación do territorio e o urbanismo, así como da importancia da preservación do litoral e da paisaxe. E tamén, como obxectivo prioritario, o de colaborar activamente cos concellos de Galicia no obxectivo común de velar polo cumprimento da normativa e do planeamento urbanístico.

Por parte da APLU considérase que estas fichas sectoriais poden ser de gran axuda e utilidade para o persoal dos concellos adheridos, que contan en xeral cun menor número de recursos humanos para a xestión das súas tarefas, ademais de para calquera profesional relacionado coa materia do urbanismo.

V.- Considerando todo o anterior, de acordo co sinalado no parágrafo segundo do artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as partes manifestan a súa conformidade para formalizar o presente convenio que establece as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a APLU e o COAG para a **actualización das fichas de afeccións e limitacións de dominio da lexislación estatal e galega**, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO E INVESTIMENTO PREVISTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a APLU e o COAG para a realización dos traballos de **actualización das fichas de afeccións e limitacións de dominio, segundo a lexislación sectorial estatal e autonómica de Galicia**, o que comporta:

- a. Actualización normativa das fichas gráficas de servidumes e limitacións de dominio, tomando como base as feitas polo COAG no ano 2007 e actualizadas no 2011, de acordo coas especificacións da lexislación autonómica galega e estatal e conforme ao modelo de ficha indicado no **Anexo I** deste convenio, en formato A3, tanto en galego como en castelán.
- b. Introducción de novos contidos segundo a índice que se incorpora no **Anexo II**.
- c. Publicación das fichas en formato dixital .pdf para a seu consulta e descarga de forma libre e por calquera interesado na web da APLU e do COAG. Este formato incluírá ademais, portada, presentación, índice e créditos do traballo.
- d. Realización dunha actividade de presentación do traballo.
- e. Mantemento normativo das fichas, dentro do prazo de vixencia do presente convenio.

O custo total estimado do convenio é de **OITO MIL CENTO CINCO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (8.105,34€)** IVE engadido, do que se considera gasto executable **SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS (7.260,00€)**, IVE engadido, segundo o Anexo III.

### SEGUNDA.- OBRIGAS DO COAG

O COAG asume as seguintes obrigas:

- 1.- Realización material do traballo definido na cláusula primeira, letras “a” e “b”, deste convenio en coordinación e colaboración coa APLU, nun prazo máximo de tres meses a contar dende o día seguinte o da sinatura do convenio, asumindo dende entón e durante a vixencia do convenio, a obriga do seu mantemento normativo.
- 2.- Asumir as labores de organización, coordinación, impulso e difusión da totalidade dos traballos obxecto do convenio e da actividade de presentación.
- 3.- Asumir o financiamento do custe dos traballos feitos, cunha achega que ascenderá como máximo a **MIL DOUSCENTOS DEZ EUROS (1.210,00€)**, IVE engadido.

### TERCEIRA.- OBRIGAS DA APLU

A APLU asume as seguintes obrigas:

- 1.- Participar de forma activa na revisión do traballo indicado nas letras “a” e “b” da cláusula 1ª do presente convenio, e tamén no resto de traballos obxecto do convenio.

Neste senso, o persoal da APLU efectuará unha revisión normativa do contido das fichas e prestará a súa cooperación ao COAG para a confección e actualización das mesmas.

Para ese efecto, crearase un grupo de traballo entre dous membros do COAG -designados pola súa Decana, e dous membros da APLU -designados polo seu Director-, que terá como finalidade redactar e revisar as fichas de afeccións, de común acordo, conforme á normativa urbanística e sectorial vixente e liquidando as dúbidas e problemas que poidan xurdir durante a súa elaboración.

2.- Colaborar na difusión e publicación das fichas en formato dixital.pdf para a seu consulta e descarga de forma libre e por calquera interesado na web da APLU e do COAG. Este formato incluírá ademais, portada, presentación, índice e créditos do traballo.

3.- Participar na actividade de presentación do traballo referida na cláusula primeira letra “d” do presente Convenio.

A participación e colaboración da APLU na realización do obxecto do convenio materializarase mediante a aportación de medios propios, aportación valorada en **OITOCENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (845,34€)**, tal e como se xustifica na memoria económica.

4.- Dado que a colaboración do persoal da APLU faise na súa consideración como tal e dentro de súa xornada laboral, ditas horas serán retribuídas cō abono da súa nómina mensual con cargo ás aplicacións presupostarias do capítulo 1 de gastos de persoal da Axencia, polo que do custe total do Convenio unicamente será **gasto executable** a contía de **7.260,00€ (IVE engadido)**, e a APLU contribuirá no seu financiamento cunha achega que ascenderá a **SEIS MIL CINCUENTA EUROS (6.050,00€), IVE engadido**, con cargo á aplicación orzamentaria **2022 08 82 521A 64002** dos Orzamentos da APLU.

#### **CUARTA.- FASES DE ABOAMENTO**

A APLU, fará efectiva a súa achega previa presentación polo COAG de conta xustificativa certificada por órgano competente do Colexio e que incluírá copia autenticada das facturas e xustificantes de gastos aos que faga referencia a indicada certificación, correspondentes en todo caso ao custo dos traballos obxecto do presente convenio, sendo imprescindible que as facturas e demais xustificantes de gasto que se presenten conteñan unha descrición detallada do obxecto.

O aboamento producirase logo da aceptación e conformidade da APLU e a data límite para a presentación da documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2022.

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia poderá presentar solicitudes de pagos parciais con cargo ás partidas comprometidos anualmente pola APLU na medida que se produzan cumprimentos de obxectivos parciais xustificados mediante unha memoria na que se acrediten ditos cumprimentos, xunto coas facturas e transferencias bancarias que xustifiquen os gastos relacionados con eles.

En todo caso as cantidades aboadas o serán para o pago dos gastos que se xustifiquen sen que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia obteña beneficio ou lucro industrial algún.

#### **QUINTA.- RELACIÓNS LABORAIS**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a APLU, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio.

## **SEXTA.- COMPETENCIAS DE INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN**

No presente convenio, que ten natureza administrativa, correspóndelle á APLU, previo os informes e actuacións pertinentes, ostentar a prerrogativa da súa interpretación e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos. A competencia, para coñecer da impugnación dos seus acordos, correspóndelle a xurisdición contencioso-administrativa.

## **SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, poderá crearse unha comisión de seguimento, composta polo Director da APLU ou persoa en quen delegue e pola Decana do COAG ou persoa en quen delegue.

Dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes.

## **OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

O presente convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- b) Polo transcorrer do tempo estipulado sen que o COAG xustifique ante a APLU as realizacións obxecto do mesmo.

## **NOVENA.- PUBLICIDADE.**

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006 do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

## **DÉCIMA.- RESULTADOS CONXUNTOS**

Cos resultados como consecuencia das actuacións previstas neste convenio de colaboración, poderá elaborarse diverso material promocional e publicación dos mesmos, continuando na dinámica xa implementada en anos anteriores noutros traballos feitos conxuntamente, que serán de uso e titularidade común de ambas partes asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada por ambas partes, porén a APLU e a Administración Xeral da Comunidade Autónoma, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos, materiais e manuais, informes e conclusións que se deriven da participación no presente proxecto. En todo caso nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución desta campaña farase sempre referencia ao presente convenio.

## **UNDÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 Xeral de Protección de Datos e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigacións derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos.

As persoas físicas asinantes deste contrato como representantes das partes recoñecen quedar informadas do tratamento dos seus datos polas partes asinantes, coa finalidade de xestión, cumprimento, desenvolvemento e control da relación contractual. A base xurídica do tratamento é a súa necesidade para a execución deste acordo e o cumprimento das obrigacións legais que dimanen do mesmo. Os datos serán conservados durante o período de vixencia do acordo e, posteriormente, durante o prazo de prescrición de posibles accións derivadas do seu desenvolvemento, podendo ser de aplicación a normativa sobre arquivos e patrimonio documental.

#### **DUODÉCIMA.-VIXENCIA**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura cunha duración ata o 31 de decembro de 2022, sen prexuízo da autonomía da vontade das partes asinantes para efectuar addendas ao mesmo.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data ao comezo citado.

Pola Axencia da Protección da Legalidade Urbanística      Polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

O Director

A Decana – Presidenta



## **ANEXO II.- ÍNDICE**

---

### **A. AFECCIÓNS DO MEDIO FÍSICO**

A.1. COSTAS

A.2. DOMINIO HIDRÁULICA

A.3. MONTES

A.4. MEDIO AMBIENTE

### **B. AFECCIÓNS DAS INFRAESTRUTURAS**

B.1. TRANSPORTE

B.1.a. Estradas Rede Estatal

B.1.b. Estradas Rede Autonómica

B.1.c. Camiños e outros viarios

B.1.d. Calles

B.1.e. Ferrocarril

B.2. PORTOS

B.3. AERONÁUTICA

B.4. ENERXÍA

B.4.a. Liñas Eléctricas

B.4.b. Hidrocarburos Gases e Líquidos

B.4.c. Eólica

B.5. TELECOMUNICACIÓNS

B.6. DEFENSA

### **C. AFECCIÓNS DO PATRIMONIO**

C.1. PATRIMONIO CULTURAL

C.2. CAMIÑOS DE SANTIAGO

## **D. AFECIÓN E LIMITACIÓN DO MEDIO ANTRÓPICO**

D.1. DEPURACIÓN, CAPTACIÓN E VERTIDOS

D.2. MINERÍA

D.3. REESTRUCTURACIÓN PARCELARIA

D.4. ACTIVIDADES E EXPLOTACIÓN

D.4.a. Explotacións pecuarias e cinxéticas

D.4.a.1 Explotacións gandeiras. xeneralidades

D.4.a.2. Explotacións bovinas, ovinas E/o caprinas

D.4.a.3. Explotacións porcinas

D.4.a.4. Explotacións avícolas

D.4.a.5. Explotacións equinas

D.4.a.6. Explotacións apícolas

D.4.a.7. Explotacións cinxéticas

D.4.b. Actividades industriais

D.4.c. GLP

D.4.d. Gasolineiras

D.4.e. Explosivos

D.4.f. Farmacias

D.4.g. Cemiterios

## **E. LIMITACIÓN CIVILES**

E.1. CÓDIGO CIVIL

E.2. LEI DE DEREITO CIVIL DE GALICIA

### ANEXO III.-MEMORIA ECONÓMICA

Con base no convenio e no ata aquí exposto nas cláusulas 1 e 2, o custo total do Convenio é de **OITO MIL CENTO CINCO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (8.105,34€)**, e se destinaría a sufragar as seguintes liñas de actuación:

- Actualización normativa das fichas gráficas de servidumes e limitacións de dominio, tomando como base as feitas polo COAG no ano 2007 e actualizadas no 2011, de acordo coas especificacións da lexislación autonómica galega e estatal e conforme ao modelo de ficha indicado no Anexo1 deste convenio, en formato A3, tanto en galego como en castelán.
- Introducción de novos contidos segundo a índice que se incorpora no Anexo2.
- Publicación das fichas en formato dixital .pdf para a seu consulta e descarga na web da APLU e do COAG. Este formato incluírá ademais, portada, presentación, índice e créditos do traballo.
- Realización dunha actividade de presentación do traballo (unha).
- Mantemento normativo das fichas, dentro do prazo de vixencia do presente convenio.
- Asumir as labores de organización, coordinación, impulso e difusión da totalidade dos traballos obxecto do convenio e da actividade de presentación.

No referente ao COAG a participación do seu persoal e as asistencias externas estímase que suporán un custo de **SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS (7.260,00€)**, IVE engadido, co seguinte desglose:

MEDIOS PROPIOS DO COAG:			
Posto	Custe/Hora	Nº Horas	Total
Arquitecto. Supervisión	40,54 €	37	1.499,98 €
Informático web	31,24 €	16	499,84 €
Secretaría y RRHH	21,38 €	12	256,56 €
MEDIOS EXTERNOS DO COAG:			
Arquitecto redactor			2.500,00 €
Asesoría xurídica. Supervisión			1.243,62 €
TOTAL,			6.000,00 €
IVE			1.260,00 €
TOTAL, (IVE engadido):			7.260,00 €

Pola súa parte, a APLU participará na realización do obxecto do convenio mediante a aportación de medios propios baixo a coordinación e dirección do Director e da Subdirectora da Axencia; Esa participación suporá unha dedicación máxima de 45 horas por parte de concreto persoal da APLU dentro da súa xornada laboral, estimándose un custo total de **OITOCENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (845,34€)**, con arreglo ao seguinte desglose:

PERSOAL	HORAS	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS	CUSTE/HORA/€	CUSTE ESTIMADO/€
Director da APLU	5	61.493,74	23,08	115,39
Subdirectora da APLU	10	55.027,44	20,65	206,52
Xefa do Servizo de Inspección Urbanística de Lugo e Ourense da APLU	15	47.258,14	17,74	266,04
Xefe do Servizo Provincial de Lugo da APLU	15	45.719,96	17,16	257,39
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>			<b>845,34</b>

Agora ben, do custe total do convenio unicamente **será gasto executable** a contía de **SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS (7.260,00€)**, **IVE engadido**, xa que a colaboración do persoal da APLU farase dentro de súa xornada laboral, de forma que as horas dedicadas serán retribuídas có abono da súa nómina mensual, con cargo ás aplicacións presupostarias do capítulo 1 de gastos de persoal da Axencia:

	CUSTO CONVENIO			GASTO EXECUTABLE CONVENIO
	BASE	IVE	CON IVE	
<b>Medios propios COAG</b>	2.256,38 €	473,84 €	2.730,22 €	2.730,22 €
<b>Medios externos COAG</b>	3.743,62 €	786,16 €	4.529,78 €	4.529,78 €
<b>Medios propios APLU</b>	845,34	0,00 €	845,34 €	0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.845,34 €</b>	<b>1.260,00 €</b>	<b>8.105,34 €</b>	<b>7.260,00 €</b>

